



**Dirección:** Coirós de Arriba, 16  
**CP:** 15316  
**Concello:** Coirós, A Coruña  
**Teléfono:** 981 79 64 14

## CONCELLO DE COIRÓS

### ACTA PROCESO DE SELECCIÓN PARA CONTRATACIÓN AUXILIARES SAF EXPTE. 2026/X998/000017

En Coirós, 23 de xuño de 2026.

Reunidas no Edificio de Servizos Múltiples de Coirós de Arriba, ás 9:20 horas, as integrantes do Tribunal cualificador, que se constitúe para valorar a proba selectiva das aspirantes a prover a ampliación da bolsa de traballo, que atenda as necesidades de contratación temporais do servizo municipal de Axuda no Fogar do Concello de Coirós:

- Presidenta: María Rosario Cal Dopico
- Vogais: Raquel Montero González
- Secretaria: Paula M<sup>a</sup> Medal Martínez (diante da ausencia de Paula Boado Presas, que se atopa desfrutando dun permiso vacacional)

Constituído o Tribunal cualificador, no día de hoxe e de conformidade coas bases reguladoras da convocatoria acórdase proceder á realización do exercicio.

Este exercicio consiste nun cuestionario teórico-práctico de dez preguntas a realizar nun tempo máximo de media hora. Cada resposta correcta valorarase con 0,50 puntos. E dun caso práctico, a respostar 4 preguntas. Cada resposta correcta valorarase con 1 punto, agás a pregunta nº 2, cun valor de 2 puntos. As respostas en branco non puntuarán. Este exercicio cualificarase de 0 a 5 puntos.

A proba conxunta cualificarase de 0 a 10 puntos, e para superala esixirase unha puntuación mínima de 5 puntos.

Procédese ao chamamento da persoa aspirante para a realización da proba, para o cal se solicita a exhibición do Documentos Nacional de Identidade aos efectos de comprobación da súa identidade.

Comparece para a realización do único exame a seguinte aspirante:

N.º orde de chamada	DATOS PERSOAIS	DNI
1	M <sup>a</sup> ELVIRA TOMÉ CARRO	***7045**

Unha vez feito o exercicio, procédese á corrección dando o seguinte resultado:

N.º orde de	DATOS PERSOAIS	PUNTOS
-------------	----------------	--------



**Dirección:** Coirós de Arriba, 16  
**CP:** 15316  
**Concello:** Coirós, A Coruña  
**Teléfono:** 981 79 64 14

## CONCELLO DE COIRÓS

chamada		
1	M <sup>a</sup> ELVIRA TOMÉ CARRO	6

Non se realiza a proba de galego á aspirante porque contan co título esixido.

Á vista do anterior o Tribunal, por unanimidade, acorda propoñer á Alcaldía a relación de candidatas que superaron o proceso selectivo, a fin de ampliar a bolsa de emprego e proceder á contratación da persoa aspirante e pola orde seguinte:

N.º orde na bolsa	DATOS PERSOAIS	PUNTOS
1	M <sup>a</sup> ELVIRA TOMÉ CARRO	6

Polo que este tribunal da por terminada a reunión ás dez horas e quince minutos , dando conta do resultado do mesmo ao Sr. Alcalde para que adopte a resolución que proceda.